

# NA PRAIA SOA DE NOITE

[Hong Sang-soo, 2017]

# 312

ESTREA EN NUMAX: 08.12.2017 | V.O.S.E. | +7

*Bamui Haebunaeseo Honja* (2017, 101')

**Dirección:** Hong Sang-soo

**Guión:** Hong Sang-soo

**Elenco:** Kim Min-hee, Seo Young-Hwa, Jae-yeong Jeong, Seong-kun Mun, Kwon Hae-hyo

**Montaxe:** Sung-Won Hahm

**Fotografía:** Park Hongyeol, Hyung-ku Kim

**Produtoras:** Jeonwonsa Film (Corea do Sur)

**Distribuidora:** La Aventura Audiovisual

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.78:1

**Idioma orixinal:** Coreano

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*O teu e ti*, 2016

*Agora si, antes non*, 2015

*Hill of Freedom*, 2014

*En otro país*, 2012

*The Day He Arrives*, 2011

*Mujer en la playa*, 2006

*La puerta del retorno*, 2002

## PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2017 (Mellor actriz —Kim Min-hee—), Xixón 2017 (Mellor actriz —Kim Min-hee—), Xerusalem 2017 (Mellor filme), Los Angeles 2017 (Premio especial do xurado)

## SINOPSE

Tras manter unha aventura cun home casado, a famosa actriz Younghee decide tomar un tempo para si mesma. Para iso viaxa á cidade de Hamburgo, onde queda en casa dun coñecido. Isto non impedirá que siga a pensar no que deixou atrás.

«Unha detallada, precisa e algo bébeda reflexión sobre o desamor. Unha obra mestra»

Luis Martínez, EL MUNDO



## “Ás veces cometemos erros, mais iso é o que somos”

**Rolda de prensa de Hong Sang-soo  
e Kim Min-hee.** Berlinale 2017

### A praia

Hong San-soo (HSS): Sempre me preguntan se prefiro praia ou montaña e adoito responder que prefiro a praia

### O personaxe de Kim

Kim Minhee (KM): Cada vez que traballo con Hong é unha experiencia nova e diferente. Cada día, durante a rodaxe, preguntábame a min mesma que novas historias irían agromando. Mais mantivenme moi concentrada e tentando dar o mellor de min, tratando de expresar o que o director quería transmitir.

### As aparencias externas

HSS: A xente quere ir alén das aparencias e tentar acadar o interior. Mais non sempre é doado, xa que as aparencias externas atráennos e arrástrannos. Ás veces cometemos erros, mais iso é o que somos. É importante tentar superar a ilusión da aparencia e chegar ao interior, mais nunca podemos fuxir da súa atracción.

### Cunha botella sempre de por medio

KM: Dado que había tantas emocións que acadar e dun xeito tan sutil, decidín

non beber moito durante a rodaxe. Para min o importante eran eses altibaixos emocionais, que desexaba expresar rapidamente.

HSS: O elevado número de escenas arredor dunha barra débese a que bebo moito. Se cadra tamén porque non me movo demasiado. Cando quedo con xente xeralmente sento e falo arredor dunha mesa. Non sei.

### Significado político do filme

HSS: O que expreso nun filme non está planeado de antemán. Vou a algures, atópome cos actores, agardo que comece a rodaxe e tento abrirme o máis posíbel, deixo entrar ideas e organízoas o mellor que poido.

### Relato autobiográfico

HSS: Calquera director emprega material da súa propia vida e depende del canto se usa en cada filme. Casualmente neste estou a usar máis do meu propio material pero a miña intención non era que fose autobiográfico. Se non utilizo certa cantidade de material que sae da miña propia vida síntome separado da realización do filme. Evidentemente, podo facer o que queira, pero non me sinto ben. Dalgún xeito síntome obrigado, aínda que precise unha caste de distancia íntima respecto dese material. Nunca tento chegar tan lonxe como para representar ou facer unha autobiografía; se algo realmente sucedeu, a miña idea é achegarme o máximo posíbel, pero despegar antes de que o avión toque chan. Isto é o que quero facer.

### Toque surreal

HSS: Tiñamos moi pouco persoal e non tiñamos actores de abondo. Park Hongyeol é o meu director de fotografía e veu de Seúl para rodar en Hamburgo. Estabamos a ensaiar e pedinlle que fose cara ao personaxe feminino e preguntara a hora. Durante o primeiro día de rodaxe pensei que era unha boa idea. Máis tarde repetino e a continuación foi natural e espontáneo. Logo de usar o seu personaxe dúas veces, dalgún xeito tiña que facerme responsábel e pechar o significado da súa presenza.

### Os sentimentos de Kim

KM: Esta muller estaba namorada dun home do pasado ao que non podía esquecer. Isto faille cuestionarse se son reais os seus sentimentos ou se está trabucada. Ela experimenta a realidade como algo moi frío. Se o amor existe realmente e se é xenuíno, pregúntase que actitude adoptar para aceptalo. Trátase dun proceso e cara ao final ela soña e tenta acadar un certo nivel de sabedoría. Todo é para ela unha misteriosa viaxe.

### Relación con A doncela de Park Chan-wook

HSS: Até certo punto creo que son filmes que reflicten a sociedade coreana e comezan a escoitar máis o que as mulleres teñen que dicir, son tendencias sociais que reflicten os filmes.

Publicado en <http://laaventuraaudiovisual.com/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

**Cofre Hong Sang-soo.** Intermedio [DVD]

**Ahora sí, antes no, Hong Sang-soo.** Cameo [BR & DVD]

**Woman is the Future of Man, Hong Sang-soo.** New Yorker Video [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

**Abónate  
e ven sempre  
por 4,5€**

**Faite  
NUMAX!**